



RESOLUCIÓN da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería do Mar, pola que se outorga a posibilidade para optar á modalidade do recurso específico PERCEBE a unha embarcación ao abeiro do Plan de xestión para o recurso específico percebe, modalidade dende embarcación, da Confraría de pescadores de Camelle

Antecedentes

1. A Orde do 22 de decembro de 2021 aprobou os plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia para o trienio 2022-2024. (DOG Núm. 251, de 31.12.2021).

De conformidade co expediente de aprobación do Plan de xestión para o recurso específico percebe (PE410A 2021/53-1), modalidade dende embarcación, da confraría de pescadores de Camelle (en adiante a entidade) estableceuse un número máximo de 38 embarcacións con 76 tripulantes habilitados con dereito a cota para todo o trienio 2022-2024.

Trala finalización do último proceso de renovación de 2021 desta modalidade na entidade para o trienio 2022-2024, o número de embarcacións con percebe no permiso de explotación autorizadas para participar no plan é de 35 embarcacións e 70 habilitacións.

2. O 16.06.2023 (Entrada Núm. 2023/1790597) a entidade solicitou a modificación do plan de explotación para a incorporación dunha nova embarcación (con dúas habilitacións) e a atribución das catro habilitacións restantes para embarcacións xa existentes no plan, polo tanto, un total de 36 embarcacións, mantendo as 76 habilitacións.

3. O 22.08.2023 esta xefatura territorial ditou resolución adaptando o número máximo de participantes no plan de xestión de percebe da entidade, de tal xeito que o número máximo de participantes pasou de 38 embarcacións con 76 tripulantes habilitados con dereito a cota no plan de xestión aprobado para o trienio 2022-2024 a 36 embarcacións con 76 habilitacións.

4. O 28.08.2023 esta xefatura territorial comunicou a proposta á Confraría de pescadores de Camelle para proceder á convocatoria dun proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de percebe a 1 embarcación con 2 cotas. As cotas de captura restantes, ata acadar o número máximo de participantes aprobado, ofertaranse ás embarcacións incluídas no plan de xestión de acordo coa orde de prelación que ocupen na lista aberta vixente para o incremento do número de cotas de captura.





Nesta comunicación outorgábaselles un prazo de tres (3) días hábiles para que presentasen as observacións que considerasen oportunas e que de non recibir resposta no prazo sinalado entenderíase como positiva a proposta realizada por esta xefatura territorial. Transcorrido o dito prazo non se recibiu resposta por parte da entidade.

5. O 01.09.2023 esta xefatura territorial ditou a resolución pola que se convocou o proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de percebe a 1 embarcación con 2 tripulantes habilitados con dereito a cota para o exercicio da actividade extractiva no ámbito do Plan de xestión de percebe da Confraría de pescadores de Camelle. De acordo coas bases 1.1 e 3. do anexo A "Bases da convocatoria" da dita resolución, o outorgamento da modalidade será coa única asignación posible de 2 cotas para a embarcación seleccionada ao obxecto de establecer tripulacións mínimas de seguridade.

6. O 03.10.2023 esta xefatura territorial ditou a resolución pola que se publicou a relación de embarcacións admitidas no proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de PERCEBE ao abeiro do Plan de xestión para o recurso específico percebe, modalidade dende embarcación, da Confraría de pescadores de Camelle.

Consideracións legais e técnicas

1. A Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia determina nos seus artigos 26 a 30, o procedemento para a obtención da modalidade de recursos específicos no permiso de explotación da embarcación.

2. Transcorrido o prazo de presentación de solicitudes de participación no proceso selectivo o número de embarcacións participantes admitidas (1) é igual ao número de prazas convocadas (1) polo que non foi necesario valoralas de acordo co baremo aprobado pola Resolución do 4 maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos, modificada pola Resolución do 18 de maio de 2020, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

Logo de analizar a documentación achegada pola persoa armadora da única embarcación admitida, obsérvase que o número máximo de tripulantes autorizados na embarcación EIC 3-CO-7 1-20 é de 1, polo que como neste proceso selectivo outorgarase a modalidade de percebe a unha (1) embarcación con dúas (2) cotas e que os puntos A.3 e A.4 do anexo I da Resolución de 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro estipulan que *o outorgamento de prazas quedará limitado ao número máximo de tripulantes autorizados/as pola Administración marítima e que en ningún caso poderá superarse o número máximo de prazas autorizadas*, lémbrese que deberá cumprir este requisito para poder outorgar a modalidade de percebe con dúas (2) cotas á embarcación solicitante.

3. Esta xefatura territorial é o órgano competente para o outorgamento da modalidade de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións de conformidade co establecido no artigo 52 da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo con todo o anterior, esta xefatura territorial





RESOLVO:

1. Outorgar a posibilidade, de acordo co Anexo I, para optar á modalidade do recurso específico PERCEBE coa única asignación posible de dúas (2) cotas para percebeiros/as con habilitación no permiso de explotación á embarcación e persoa armadora que se indica a continuación:

CFPO	EMBARCACIÓN	MATRÍCULA E FOLIO	TITULAR DO PERMISO DE EXPLOTACIÓN
100335	EIC	3 – CO- 7 1-20	ADRIÁN PASANTES CASTRO

2. A obtención da modalidade e adxudicación final do número de cotas á embarcación, dependerá das persoas que teña enroladas á vista do rol de despachos da embarcación coa dotación da tripulación enrolada nela e das certificacións profesionais. Dita solicitude terá en conta o número máximo de tripulantes que a embarcación pode enrolar (Certificado de conformidade).

Ademais, de acordo co disposto na Resolución do 18 de maio de 2020 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro pola que se modifica a Resolución de 4 de maio de 2016 pola que se aproba o baremo, o outorgamento da modalidade de recursos específicos realizarase entre persoas armadoras solicitantes asociadas á entidade titular do plan de xestión.

Para a comprobación do indicado nos parágrafos anteriores, a persoa armadora da embarcación seleccionada disporá dun prazo de quince (15) días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación da presente resolución para presentar a seguinte documentación:

- Rol de despachos actualizado da embarcación coa dotación de tripulación enrolada nela.
- Certificacións profesionais que correspondan ás persoas tripulantes enroladas, agás no suposto de autorización expresa por parte das persoas tripulantes á Consellería do Mar para a consulta das certificacións profesionais expedidas pola Consellería do Mar. A autorización expresa para a consulta destes datos realizarase empregando o anexo X da Orde do 30 de decembro de 2015.
- Certificación da confraría de pescadores, titular do plan de xestión, respecto da pertenza da persoa armadora como asociada á entidade para a que se outorga a modalidade. Non será necesario en caso de autorización á Consellería do Mar para a súa consulta.
- Documentación que acredite que o número máximo de tripulantes autorizados de acordo coas características da embarcación é igual ou maior de dous.

De acordo co disposto no Decreto 425/1993, do 17 de decembro e a Orde do 30 de decembro de 2015, as embarcacións seleccionadas que presentasen a documentación dentro do prazo establecido deberán cumprir ademais cos seguintes requisitos para a obtención da modalidade no permiso de explotación e das cotas asignadas:

- Ter menos de cinco artes ou modalidades no permiso de explotación da





embarcación. No caso de ter cinco, deberá xustificarse a renuncia a unha delas.

- Non ter sancións firmes en vía administrativa en materia de protección de recursos mariños, pendentes de pagamento.
- A persoa armadora da embarcación non poderá ser titular dun permiso de explotación a pé para recursos específicos, debendo renunciar a este no momento da obtención da modalidade.

Se a embarcación seleccionada cumpre os requisitos expediráselle o novo permiso de explotación onde quedará reflectida a modalidade e o número de cotas asignadas (coa única asignación posible de 2 cotas).

O artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas obriga ás persoas xurídicas a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas e o artigo 10 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, establece a obrigatoriedade para as persoas traballadoras autónomas de relacionarse a través de medios electrónicos no ámbito do sector público autonómico para os trámites e as actuacións que realicen no exercicio da súa actividade profesional.

Polo tanto, a documentación indicada deberá presentarse por vía electrónica a través do formulario normalizado de achega de documentación adicional dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), dentro do procedemento aberto PE401L. Para a presentación da documentación será necesario o Documento Nacional de Identidade electrónico (DNIe) ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia.

Se dentro do prazo fixado a persoa armadora seleccionada non presentase a documentación ou do exame dela se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 1.2 da convocatoria, entenderase que desiste da súa solicitude. Neste caso, emitirase unha nova resolución modificando esta, declarando vacante a praza convocada, pola desistencia da persoa armadora que non presentou a documentación ou carece dos requisitos.

A presente resolución publicarase na páxina web <http://www.mar.xunta.gal> e tamén se exporá no taboleiro de anuncios da xefatura territorial da Coruña e no da confraría de pescadores de Camelle.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a conselleira do Mar no prazo dun (1) mes, que se contará a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución, de acordo co establecido nos artigos 121 e 122 e seguintes da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).

Esta resolución notifícaselle á confraría de pescadores de Camelle consonte ao artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

A xefa territorial
María José Cancelo Baquero
(sinatura electrónica)





ANEXO I

Listaxe de embarcacións seleccionadas no proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de PERCEBE, para 1 embarcación con 2 cotas de captura ao abeiro do Plan de xestión para o recurso específico percebe, modalidade dende embarcación, da Confraría de pescadores de Camelle

Embarcacións admitidas									
CFPO	Embarcación	Matricula e folio	Experiencia profesional da persoa armadora	Habitualidade da actividade pesqueira	Antigüidade da embarcación	Nº artes	Formación da persoa armadora	Ter mulleres enroladas	Total
			B.1	B.2	B.3	B.4	B.5	B.6	
100335	EIC ^{1,2}	3- CO-7 - 1-20	-	-	-	-	-	-	-

(¹) O proceso selectivo convocouse para o outorgamento da modalidade de percebe no permiso de explotación de embarcación coa única asignación posible de 2 cotas para percebeiros/as. O número máximo de tripulantes autorizados na embarcación pola Administración marítima é de 1 polo que para o outorgamento da modalidade a embarcación solicitante deberá cumprir co requisito de presentar un certificado de conformidade cun número de polo menos 2 tripulantes autorizados na embarcación.

(²) A embarcación posúe 5 artes no permiso de explotación, polo que previamente ao outorgamento da modalidade de percebe no permiso de explotación, ademais de cumprir os restantes requisitos esixidos para o outorgamento, a persoa armadora deberá xustificar a renuncia a unha delas

